



ENTREVISTA A XAQUÍN LORENZO 5.

O Partido Galeguista en Ourense.

NOME DO DOCUMENTO: MPG_MPGF_0001_007_en_0_57_31_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_MPGF_0001_007_en_0_57_31.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro etnográfico
FEITO REXISTRADO: Entrevista

RESUMO / DESCRICIÓN:

Esta ficha recolle parte (5/6) dunha entrevista a Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” realizada no seu domicilio de Ourense no ano 1980 por Justo Beramendi. A gravación, no marco da súa investigación sobre o nacionalismo galego de anteguerra, abrangue temas relativos á Guerra Civil, ao grupo Nós, á relación persoal de Xocas con Vicente Risco, ao Partido Galeguista, entre outros.

Publicamos esta gravación orixinal co gallo do centenario do Seminario de Estudos Galegos (1923-2023) no que Xaquín Lorenzo ingresou o 1 de maio de 1926 e no que exerceu diversos cargos.

DATOS DA ENTREVISTA:

ENTREVISTADOR: Justo Beramendi González

INFORMANTE:
Nome: Xaquín Lorenzo Fernández
Idade no momento da recolla: 73 anos
Lugar e data de nacemento: Ourense, 23 de xuño de 1907
Ocupación: Etnógrafo membro do Seminario de Estudos Galegos. Cofundador do Museo do Pobo Galego, foi o primeiro Presidente do seu Padroado.

DATA DA RECOLLA: 1 de xullo de 1980

LOCALIZACIÓN:
Lugar: Ourense
Parroquia: -
Concello: Ourense
Provincia: Ourense

COLECCIÓN: Fondos Propios do Museo do Pobo Galego. Varios.



DATOS DA TRANSCRICIÓN:

A transcripción da presente entrevista realizada por Justo Beramendi e María Xosé Fernández Cerviño, preparada para a edición do libro *Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández*, foi base para este documento. Dende o APOI readaptouse seguindo o audio orixinal.

BIBLIOGRAFÍA:

Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández / textos de Miguel Ángel Santalices Vieira, Román Rodríguez González, Justo Beramendi González, et al. — Santiago de Compostela : Museo do Pobo Galego, 2021.

PALABRAS CHAVE:

Partido Galeguista, galeguismo, Guerra Civil, Movemento, Ourense, Heraldo de Ourense.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez



TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA

Justo Beramendi: Que tipo de militantes tiña o Partido Galeguista en Ourense? Máis ben de clase media?

X. L.: Había de todo, porque aquí nesas circunstancias, cando estalou o Movemento, que aquí cos galeguistas houbo expedientes, cousas destas, pero non pasou nada. Pasou o que pasou noutros sitios... En Pontevedra, en Lugo, na Coruña...

(...)

J.B.: Supoño que en Ourense os sublevados requisaron tamén toda a documentación do Partido Galeguista.

X. L.: Bueno, pero é que aquí pasou o seguinte. Aquí houbo un membro do Partido Galeguista que cando empezou o Movemento obrigárono a incorporarse [ao exército], como nos incorporamos outros, e destinárono a unha oficina desto de xustiza militar, sinaláronlle unha mesa e, bueno, usté séntese aí e xa lle dirán o que ha de facer. El, pra pasar o tempo, dedicouse a mirar o que había nos caixóns e nun dos caixóns estaba a documentación do Partido Galeguista.

J. B.: No goberno militar de Ourense? Isto cando foi?

X. L.: Pois ao estalar o Movemento, debeu de ser a finais de xulio ou por aí.

J. B.: Xa estaba requisada. Supoño que daquela todas as requisas iban aos gobernos militares, porque eran os militares os que as facían.

X. L.: Sen embargo esta non a puideron enviar a ningún lado, fíxoa desaparecer o interesado. Tamén había parte da documentación, esta si que non sabemos o que ocorreu, que estaba na comisaría de policía, e un día ardeu a mesa onde estaba esta documentación, non sabemos por que nin como, nin podíamos meternos a averigualo. E esa documentación ardeu. Pero sin embargo conseguiron as listas de militantes e atopáronse con que unha cousa que facíamos aquí por abandono, como se fan todas esas cousas, no Partido non se daba de baixa ningún. Diciáslle a un amigo: “tes que facerte do Partido Galeguista”. “Bueno, pois apuntádeme”. Apuntábaselle e xa quedaba alí. E atopáronse con que nas listas do Partido Galeguista figuraban a quen ao estalar o Movemento fixeron gobernador militar, gobernador civil, presidente da Deputación, toda esta xente, os nombrados polo goberno de Franco eran membros do Partido Galeguista. Que fan, meter na cárcel a eses señores? E como fan eles a distinción entre os bos e os ruíns? O máis que fixeron foi, por exemplo, coller a don Manuel Peña Rey, que era entonces presidente do Partido Galeguista e aquí e levalo pra Oseira e tivérono alí en Oseira encerrado un tempo, pero vamos, fóra diso pois non...

J. B.: Peña Rey era o médico.

X. L.: Si. Fóra diso, pois xa digo, non pasou nada, por iso. E claro, a documentación do Partido desapareceu. Por aqueles días o que se estaba celebrando en Ourense era unha asemblea das Mocidades.



J. B.: De Galicia ou de Ourense?

X. L.: Paréceme que era de toda Galicia, non sei ben, porque eu non estaba aquí, claro, cando estalou o Movemento eu estaba en Lobeira, na aldea. E alí, precisamente no local ese onde estivo meu irmau de corpo presente, nese mesmo local, que era o local do Partido Galeguista, había armado unhas táboas sobre uns cabaletes, e os rapaces, rapaces ao fin e o cabo, andiveran pintando nas mesas e gravando coa navalla viva Galiza ceibe, morra España, cousas así. Estalla o Movemento e acordase un rapaz que colaborou con Cuevillas e connigo no traballo da parroquia de Velle, Hermida, que despois pasouse e incorporárono e pasouse e non volvimos velo. Aínda hoxe non sabemos nada del. E este rapaz, que era do Partido Galeguista, meteuse de noite no local cun cepillo e dedicouse a cepillar, pasou toda a noite cepillando e logo queimando as virutas, pra que non visen os letreiros aqueles.

J. B.: Aquí en Ourense o partido como funcionaba: tiña un funcionamento de comités ou simplemente había unha xunta de goberno?

X. L.: Pois si, máis ben eso, unha xunta de goberno.

J. B.: Unha asemblea ou algo así?

X. L.: Diso ten aquí no arquivo algo, solo algo, porque tiña eu unha lista de socios, unhas actas, unhas notas do Risco e de Cuevillas para facer as actas, que non chegaron a facerse pero que están alí os papeles.

J. B.: E que tiñan, unhas asembleas de cando empeza, anuais, ou así?

X. L.: Non, non eran de maneira regular. Era un pouco anárquica a cousa, faltaba a organización reglamentaria.

J. B.: E o voceiro era o xeral, non? Non tiñan un de aquí de Ourense, o periódico era *A Nosa Terra*.

X. L.: O periódico según, tamén houbo o *Heraldo de Orense*.

J. B.: Si, pero o *Heraldo de Orense* era por colaboracións, non era un órgano do Partido.

X. L.: Hasta certo punto, porque por exemplo o *Heraldo* era semanal, pero en época de eleccións facíase diario.

J. B.: E controlaban vostedes totalmente o *Heraldo*?

X. L.: Case totalmente.

J. B.: Unha colección do *Heraldo* donde hai, na Biblioteca Provincial?

X. L.: Paréceme que de Ourense, dos periódicos de Ourense, paréceme que non hai absolutamente nada. Queimaron todo cuando o Movemento.

J. B.: Sin embargo Carlos Casares falábame do *Heraldo*, que el o consultara nalgún sitio.



X.L.: Pode ser, de habelo, o que haxa...

J.B.: De que vira, vamos, que lera cousas de Risco e tal no *Heraldo*.

X.L.: Pode ser entonces que estea, que o que haxa, ou está no Arquivo ou no Museo. Eso dende logo.

J.B.: Na Biblioteca non?

X.L.: Non, na Biblioteca non. Na Biblioteca non.